

Guía de procedimientos e servizos

MR550A - Axudas á reposición de animais: xeral.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 31/12/2015 - 30/11/2016.

Desde o día seguinte á data de publicación desta orde no DOG ata o día 30 de novembro de 2016, incluíndo ambas as dúas datas no cómputo do prazo. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Prazo de resolución: Cinco meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- 1. Xunto coa solicitude, a persoa interesada deberá achegar a documentación complementaria requirida no artigo 31.1 desta orde, que non fose xa presentada xunto coa solicitude do ano 2015, ou que sufrise modificacións.
- 2. Neste ámbito, así mesmo, a persoa solicitante terá en conta que tamén é de aplicación o contido do artigo 31.3 desta orde.
- 1. Xunto coa primeira solicitude correspondente a compras do ano 2016, e logo de ter a explotación autorización para a reintrodución de animais, as persoas interesadas achegarán a seguinte documentación complementaria, segundo o caso de que se trate:
 - a) Copia do NIF da persoa xurídica solicitante no caso de que se denegue expresamente a súa consulta e copia do DNI do seu representante, ou copia do DNI da persoa física solicitante. A copia do DNI deberase presentar só no caso de que non se autorice a Consellería do Medio Rural para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
 - b) Se o/a solicitante é unha persoa xurídica: copias dos documentos de constitución da entidade e dos seus estatutos.
 - c) No caso de representación (da persoa solicitante): documento acreditativo da representación por calquera medio válido en dereito. O representante deberá ser unha persoa física.
 - d) Documentos acreditativos das pólizas de seguros gandeiros que se posúan. Ademais de presentar as pólizas de seguros, e se é o caso, se a persoa titular da explotación e asegurada percibiu importes polos animais sacrificados

en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades animais, achegará un documento emitido pola empresa aseguradora xustificativo deles.

- e) Se é o caso, se os animais bovinos sacrificados fosen de raza cárnica e estivesen inscritos no libro xenealóxico da raza, a persoa solicitante presentará unha copia cotexada da carta xenealóxica dos animais sacrificados na que se recolla a cualificación morfolóxica, e que será emitida pola entidade xestora do libro xenealóxico da raza.
- f) Se é o caso, xustificantes do valor económico obtido na comercialización dos animais (antes do seu sacrificio obrigatorio): estes documentos recollerán, como mínimo, a data en que se venderon os animais, os datos da persoa solicitante da axuda (persoa vendedora), os datos da persoa física ou xurídica que comprou os animais, e os importes individualizados percibidos por cada animal.
- g) Se é o caso, xustificantes do importe percibido polas canais no matadoiro: estes documentos recollerán, como mínimo, as datas de sacrificio dos animais, os importes individualizados percibidos por cada canal, os datos da persoa solicitante da axuda e perceptora de ditos importes, e os datos do matadoiro.
- h) Facturas ou documentos equivalentes válidos en dereito, que acrediten a compra dos animais polos cales se solicita a axuda: estes documentos recollerán a data efectiva da compra, os datos da persoa solicitante da axuda (persoa compradora), os datos da persoa física ou xurídica que vendeu os animais, e os importes desagregados pagados por cada animal.
- i) Documento da entidade financeira (banco/caixa) que acredite o movemento bancario entre dúas contas bancarias distintas (dous códigos IBAN), unha cos datos bancarios da persoa compradora e solicitante da axuda e outra cos datos bancarios da persoa vendedora, e que será o xustificante dos pagamentos das facturas ou documentos de compra das reses de reposición.

2. No caso de presentar máis solicitudes de axuda ao longo do ano, as persoas interesadas achegarán con cada unha delas a correspondente documentación complementaria das alíneas h) e i) do punto 1 anterior. Ademais, se o consideran oportuno ou por modificacións na documentación xa presentada, poderán achegar calquera outro documento dos sinalados no citado punto 1.

3. Así mesmo, sempre que se realice a presentación de documentación separadamente do formulario principal (anexo IV), a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA

SERVIZO DE DOTACIÓN DE MEDIOS
EDIF, ADMINISTRATIVO SAN CAETANO
15771
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981545733 Fax: 981545735

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE GANDARÍA
R/ VICENTE FERRER, 2
15008
A CORUÑA
Teléfono: 981184565 Fax: 981184653

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

SERVIZO DE GANDARÍA
RONDA DA MURALLA, 70
27071
LUGO
Teléfono: 982294487 Fax: 982294425

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

SERVIZO DE GANDARÍA
R/ FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS, 4-6
32003
OURENSE
Teléfono: 988386515 Fax: 988386524

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE GANDARÍA
R/FERNÁNDEZ LADREDA, 43,2º
36003
PONTEVEDRA
Teléfono: 886206571 Fax: 986857624

Obxecto

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2015:

1. As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación de gando bovino, ovino e cabrún, rexistrada en Galicia, por motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.

2. As axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, despois

do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais a consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

Beneficiarios

1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante as persoas titulares (físicas e xurídicas) de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas en que se sacrificase ou destrúise de forma preventiva a totalidade do seu censo, por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación.
2. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas para a compra de animais de reposición, as persoas titulares (físicas e xurídicas) de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas, en que se ordenase o sacrificio obrigatorio de animais existentes nelas, e como consecuencia do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, así como as persoas titulares daquelas explotacións onde morresen ou se practicasa a eutanasia de animais das ditas especies, por mor dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, ou por mor dun programa oficial obrigatorio de vacinación.
3. As persoas solicitantes (físicas e xurídicas) das axudas establecidas nesta orde, para seren beneficiarias delas deberán ter a condición de pemes, de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
4. No cumprimento do artigo 1.6.b) ii) do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, as peme beneficiarias do presente réxime de axudas non terán a consideración de empresas en crise, segundo a definición destas establecida no artigo 2.14 deste regulamento, agás que a empresa se convertese nunha empresa en crise por mor dos danos ou perdas causadas polas enfermidades animais recollidas na lista da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) ou nos anexos I e II do Regulamento (UE) nº 652/2014 do Parlamento Europeo e do Consello.
5. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde as persoas ou entidades:
 - a) Que se atopen en calquera das circunstancias sinaladas no artigo 10, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13, puntos 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, será de obrigado cumprimento a apreciación recollida no artigo 14 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - b) Que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente, despois dunha decisión previa da Comisión que declarara unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, e en cumprimento do artigo 1.5.a) do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño.

Requisitos

1. Para poder ter dereito ás axudas reguladas nesta orde é imprescindible:
 - a) Que as persoas titulares e as explotacións gandeiras afectadas cumpran de forma estrita a normativa en vigor sobre sanidade animal, identificación animal, movemento pecuario, benestar e alimentación animal, e a dos programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais.
 - b) Que as explotacións gandeiras estean correctamente rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia: en concreto, figurarán inscritas e con todos os seus datos actualizados, no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega), establecido polo Real decreto 479/2004, e no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), regulado no Decreto

200/2012, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

2. Para as axudas de compensacións complementarias por lucro cesante, ademais, comprobarase:

- a) Que sexa efectivo o baleiro sanitario da explotación, co sacrificio obrigatorio da totalidade dos seus animais.
- b) Que se cumpra o prazo de tempo para o período de baleiro (ou período de corentena) da explotación, sinalado pola autoridade sanitaria competente, ata que esta autorice a repoboación.

3. Para as axudas á reposición de gando, ademais comprobarase que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) En todos os casos, ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade, e que foron diagnosticados positivos ou sospeitosos.
- b) Ter efectuado previamente, antes da reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.
- c) Cumprir a normativa establecida na Orde do 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para o desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa.
- d) En canto aos animais adquiridos polos cales se solicita axuda: os da especie bovina procederán de explotacións con cualificación sanitaria T3 e B4 e libres de encefalopatías esponxiformes transmisibles, e os das especies ovina e cabrúa, de explotacións con cualificación sanitaria M4 e tamén libres de EET.
- e) Unicamente se subvencionará a reposición efectuada con animais para manter na explotación un nivel de produción similar ao existente con anterioridade ao sacrificio.

4. Os servizos de gandaría provinciais da Consellería do Medio Rural e do Mar, como órganos competentes para a tramitación dos procedementos de concesión das axudas reguladas nesta orde, comprobarán o cumprimento dos requisitos descritos nos tres puntos anteriores.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 12 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades, e se convocan para o ano 2015 (DOG nº 37 do 24 de febreiro de 2015).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>